



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

C.E.I.P. “ JOSÉ CORNIDE SAAVEDRA ”
Avda. Sardiñeira, 42 - 15008 A CORUÑA
Tlf. 981248796/ Fax 981248796
ceip.cornide.saavedra@edu.xunta.gal
<http://anosabiblio.blogspot.com/>



ANEXO VI

PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP JOSÉ CORNIDE
SAAVEDRA





CONTEXTUALIZACIÓN

O Plan de Continxencia do CEIP José Cornide Saavedra ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
 - ✓ Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico, papeleira con tapa de pedal, máscaras cirúrxicas, panos desbotables, bata desbotable, máscara tipo FFP2-KN95 e pantalla protectora. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
 - ✓ A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras FFP2, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.



Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de Educovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.



10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado, ata segundo de primaria, a través da Páxina web do Centro; en 3º, 4º, 5º e 6º de primaria a través da aula virtual e da plataforma de videochamadas habilitada pola Consellería. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O profesorado que imparta materia nas aulas obxecto de confinamento trasladará semanalmente á Xefatura de Estudos a información relevante sobre os contidos traballados a través dos medios telemáticos durante ese período.

13. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

14. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

15. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- b) Actualizar a Aula virtual ou páxina web, dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- c) Realizar tarefas de desinfección profundas no Centro.
- d) Revisar o protocolo, por si fose preciso facer modificacións.
- e) Coordinar co profesorado afectado as quendas de organización das fases.



MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

16. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: por determinar.

Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos.
- Revisión do Plan buscando posibles erros na execución o una redacción do mesmo.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30% . Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Combinar o ensino presencial e telemático.
- Revisión da actividades realizadas durante o período telemático e resolución de posibles dúbidas.
- Recordar ao alumnado as normas de hixiene e circulación no centro, as medidas de distanciamento físico nos recreos, recibidor...
- Avaliación desa etapa.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)



Duración: 3 xornadas lectivas.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. O alumnado continuará formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso

Obxectivos:

- Comprobar a adquisición das medidas explicadas en pequeno grupo.
- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas sobre os contidos expostos e traballados de maneira telemática, e poñelos en práctica.

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 2 xornadas lectivas.

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento dos hábitos aprendidos.
- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases.
- Comprobar o grao de adquisición dos contidos traballados durante este período.
- Retomar a dinámica das clases presenciais, sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as actividades na casa.



17. Horario espello.

ESPELLO 2º CICLO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 9:50	LENGUA	MATE	LINGUA	LENGUA	MATE
9:50 10:40	CIENCIAS SOCIAIS	INGLÉS	CIENCIAS NATURAIS	MATE	INGLÉS
10:40 11:30	RELI / VALORES	PLÁSTICA MÚSICA	E. F.	LINGUA	CIENCIAS SOCIAIS
11:30 12:00	T E M P O D E L E C E R				
12:00 12:20	H O R A D E L E R				
12:20 13:10	MATE	LINGUA	PLÁSTICA MÚSICA	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA
13:10 14:00	LINGUA TITORÍA	LINGUA	CIENCIAS SOCIAIS	INGLÉS	E. F.



Docencia virtual

A hora semanal designada para titorías con familias será o luns de 16:00 a 17:00 horas.



Traballo individual

O momento de conexión ás videoconferencias deberá realizarse con suficiente antelación para o aproveitamento do horario lectivo. En consecuencia, o alumnado deberá procurar, en función da súa conexión dispoñible, estar conectado previamente ao inicio da xornada lectiva, isto é, ás 09:00 horas. O titor/a controlará a asistencia e participación.



ESPELLO 3º CICLO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 9:50	LENGUA	MATE	LENGUA	LINGUA	LINGUA
9:50 10:40	INGLÉS	E. F.	CIENCIAS SOCIAIS	MÚSICA PLÁSTICA	MATE
10:40 11:30	MATE	RELI / VALORES	CIENCIAS NATURAIS	INGLÉS	CIENCIAS SOCIAIS
11:30 12:00	T E M P O D E L E C E R				
12:00 12:20	H O R A D E L E R				
12:20 13:10	LINGUA	LENGUA	MATE	MATE	LENGUA
13:10 14:00	CIENCIAS SOCIAIS TITORÍA	CIENCIAS NATURAIS	INGLÉS	E. F.	MÚSICA PLÁSTICA



Docencia virtual

A hora semanal designada para titorías con familias será o luns de 16:00 a 17:00 horas.



Traballo individual

O momento de conexión ás videoconferencias deberá realizarse con suficiente antelación para o aproveitamento do horario lectivo. En consecuencia, o alumnado deberá procurar, en función da súa conexión dispoñible, estar conectado previamente ao inicio da xornada lectiva, isto é, ás 09:00 horas. O titor/a controlará a asistencia e participación.